

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**1520** *Resolución 430/38026/2017, do 7 de febreiro, da Subsecretaría, pola que se modifica o anexo I da Orde DEF/253/2015, do 9 de febreiro, pola que se regula o réxime de vacacións, permisos, reducións de xornada e licenzas dos membros das Forzas Armadas.*

A Lei 9/2009, do 6 de outubro, de ampliación da duración do permiso de paternidade nos casos de nacemento, adopción ou acollida, ampliou este permiso de dúas a catro semanas de duración e fixou a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2011. Non obstante, debido a motivos orzamentarios, a súa aplicación foise pospondo nos diferentes exercicios ata a data. Finalmente, na Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, fixouse a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2017.

Por outra banda, no Real decreto 295/2009, do 6 de marzo, polo que se regulan as prestacións económicas do sistema da Seguridade Social por maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, recóllense días adicionais no suposto de parto, adopción ou acollemento múltiple a partir do segundo fillo, ou se un deles é unha persoa con discapacidade. Aínda que estes días adicionais non estaban explicitamente recollidos na normativa de aplicación nas Forzas Armadas, xa se viñan desfrutando por considerar esa lexislación de carácter supletorio á específica militar.

A Orde DEF/253/2015, do 9 de febreiro, pola que se regula o réxime de vacacións, permisos, reducións de xornada e licenzas dos membros das Forzas Armadas, fixa na súa disposición derradeira primeira «Adaptación á función pública» que o subsecretario de Defensa, mediante resolución, modificará os anexos desta orde ministerial cando se modifiquen as condicións de vacacións, permisos, reducións de xornada e licenzas para os empregados públicos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos autónomos.

Coa finalidade de adaptar o permiso de paternidade do persoal militar á normativa que rexe para o persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e conforme a mencionada disposición derradeira primeira da Orde DEF/253/2015, do 9 de febreiro, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación do anexo I «Normas sobre vacacións e permisos» da Orde DEF/253/2015, do 9 de febreiro, de vacacións, permisos, reducións de xornada e licenzas dos membros das Forzas Armadas.*

Modifícase a norma sétima «Permiso de paternidade», coa seguinte redacción:

«Sétima. Permiso de paternidade.

Polo nacemento, acollemento ou adopción dun fillo, catro semanas que desfrutará o pai a partir da data do nacemento, da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola que se constituía a adopción.

A duración indicada ampliarase no suposto de parto, adopción ou acollemento múltiple en dous días máis por cada fillo a partir do segundo».

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Esta ampliación do permiso de paternidade a catro semanas será de aplicación aos nacementos, acollementos ou adopcións que se produzan ou constituán a partir do 1 de xaneiro de 2017.

Madrid, 7 de febreiro de 2017.—O subsecretario de Defensa, Arturo Romaní Sancho.